

## **ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE**

### **Sesión do 2 de xuño de 2015**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o martes 2 de xuño de 2015, ás 10.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (13/05 de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, de modificación de data dun exame da convocatoria de xullo**
- 4. Aprobación, se procede, das alegacións ao contido do informe provisional de avaliación de seguimento interno do curso 2013/14**
- 5. Valoración da realización dun escrito sobre o decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia**
- 6. Rogos e preguntas**

#### **1. Lectura e aprobación da acta anterior**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

#### **2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: María López (asuntos persoais), Antonio Presedo (obrigas extrauniversitarias), M<sup>a</sup> Carmen Fernández (motivos vacacionais) e Beatriz Comendador (permiso asistencia congreso).
- Informa de que o patrón da Facultade de Historia que é o martes 26 de abril de 2016, pásase ao luns 25 de abril despois de consensualo coa Facultade de Ciencias da Educación.

- Despois de ter unha reunión cos delegados de curso, xurdiron as seguintes cuestións:

Prégase, na medida do posible, haxa a máxima puntualidade á hora de comezar e rematar as clases. Ante as dúbidas suscitadas sobre se a duración das mesmas é de 50 minutos, acórdase localizar a documentación pertinente respecto dita duración e aprobalo en xunta de facultade.

Segundo as guías docentes, o 10% da nota corresponde á presencialidade. Prégase que esta porcentaxe se aplique de forma real a tódolos alumnos e en todas as materias.

Lémbrase que o disposto nas guías docentes hai que cumprilo estritamente.

Faise unha queixa en relación ao ruído que hai na planta baixa do edificio. Plantéxase a opción de que todas as aulas estean nunha mesma planta. Polo que se establece unha primeira toma de opinións sobre esta cuestión. Un dos inconvintes é a pouca capacidade nas aulas que se poderían ocupar. Despois dun breve debate propónse que se poñan carteis na planta baixa de silencio e que os bedeis estean un pouco pendentes de cando se eleve o ruído. Descártase polo de agora, a idea dun posible cambio das aulas.

- Comenta que xa comezou a campaña de publicidade do grao semipresencial e que están a piques de entregarnos os folletos e a cartelería para facer a súa distribución. Tamén se fixo un vídeo promocional, que se mostra aos membros da xunta, e que se vai difundir en distintos medios e redes sociais.

### **3. Aprobación, se procede, de modificación de data dun exame da convocatoria de xullo**

O profesor Carlos Sixirei propón o cambio da data de exame da materia "Historia de América Precolombina e Colonial" do 1 de xullo ás 10.00h. para o 29 de xuño de 12.00-14.00h. na aula 0.6..

Apróbase o cambio por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, das alegacións ao contido do informe provisional de avaliación de seguimento interno do curso 2013/14**

O informe veu non conforme, pero o ton do mesmo e máis construtivo que o que emitiron no pasado curso e reproduce debilidades que son certas. As competencias

téñense que seguir traballando e a comisión de calidade ten que esforzarse un máis en integrase na dinámica do centro.

Vanse presentar só unhas poucas alegacións ao informe respecto á información pública e a valoración do cumprimento.

Apróbanse as alegacións por asentimento.

#### 5. Valoración da realización dun escrito sobre o decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia

Este decreto, publicado con data 19 de maio, establece un temario case completo de xeografía e historia e nas pasarelas que contemplan de acceso directo non aparece a titulación de historia. Aínda que o decreto xa estea aprobado quérese manifestar o noso desacordo.

Acórdase redactar un escrito e envialo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

#### 6. Rogos e preguntas

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA  
02/06/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN  
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	

CASTRO LÓPEZ, LADISLAO  
 CID NARVÁEZ, DANIEL  
 COELLO FDEZ, M<sup>a</sup> ANGELES  
 COMENDADOR REY, BEATRIZ  
 DÍAZ ALONSO, XOEL  
 DOMÍNGUEZ PEREIRA, M<sup>a</sup> DOLORES  
 FDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> CARMEN  
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
 GÓMEZ MANSO, BELÉN  
 JUANA LÓPEZ, JESÚS DE  
 LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
 MORENZA ARIAS, DAVID  
 MORODO DEL RÍO, JOSE  
 PÉREZ LOSADA, FERMÍN  
 PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER  
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
 REAL LÓPEZ, ARTURO  
 REBORDA MORILLO, SUSANA  
 SÁNCHEZ DÍAZ, ROI  
 SIXIREI PAREDES, CARLOS  
 UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
 VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO  
 VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

SI	
	NO
SI	
	SI
SI	
	NO
	SI
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	
	NO
SI	
	NO
SI	
	SI
SI	
SI	
	NO
	SI
SI	
	SI
SI	